

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O Ribeiro

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA e LITERATURA

DEPARTAMENTO: Dpto. LINGUA GALEGA e LITERATURA

DATA: 15 maio 2020

PROFESORA: Carmen Nieves Miranda (de baixa desde 1 abril)

Programación elaborada por M^a Isabel Gil Cacheiro, xefa do Dpto. De Lingua Galega e Literatura seguindo o informe da profesora de 4º ESO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Durante este terceiro trimestre traballaranse aprendizaxes básicas e esenciais da materia, é dicir, aquelas que están ligadas ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.

Xa que o traballo desenvolto é escrito na súa totalidade basearase nas destrezas de comprensión e produción de textos escritos e nos contidos mínimos gramaticais da materia.

Segundo isto, prestarase especial atención a:

- Presentación dos exercicios, actividades... requeridos polo profesor e dentro do prazo establecido, o que revela interese pola materia e participación activa nas tarefas do 3º trimestre.
- Corrección no uso da lingua.
- Produción correcta de textos escritos.
- Corrección e xusteza dos contidos.

Nesta 3ª avaliación prescindirase dos libros de lectura obrigatorio e optativo.

1.2 Cualificación final

A cualificación final basearase na media das dúas primeiras avaliacións (xa que supoñen un 67% do total do curso). O alumno deberá ter unha nota media entre as dúas igual ou superior a 4'5 para aprobar.

A 3ª avaliación sumará á nota media ata 1 punto, segundo os parámetros expostos no punto anterior. Para isto será requisito indispensable ter entregados os exercicios deste 3º trimestre na súa totalidade ou nunha porcentaxe elevada. Así mesmo, as tarefas deben estar entregadas dentro do prazo establecido para sumar.

Non optarán á media aqueles alumnos con menos de 3 nos exames .

Cando o/a alumno/a aprobado/a obteña de media en calquera avaliación unha cualificación decimal superior a 0,5 poderase redondear á alza, sempre que demostre interese pola materia, participación activa e realizase os traballos propostos.

No caso das recuperacións feitas tomarase en conta para a nota media a cualificación máis alta. Polo que respecta ás recuperacións sen facer da 2ª avaliación os alumnos deberán entregar os boletíns preparados para tales efectos tendo en conta os parámetros do epígrafe 1.1.

1.3 Proba extraordinaria de setembro

Dependo da situación sanitaria as probas extraordinarias de setembro poderanse realizar de xeito presencial ou telemático (con exercicios e probas elaboradas para tal efecto).

En calquera caso, a avaliación extraordinaria consistirá nunha proba global de toda a materia dada. Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no exame presencial da materia ou, de ser o caso, nas probas telemáticas.

1.4 Alumnado coa materia pendente.

Non hai alumnos coa materia pendente.

2 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

2.1. ACTIVIDADES

2.1.1. Actividades de recuperación, repaso, reforzo (indicadas pola profesora do grupo)

Ortografía: uso do b/v

Morfoloxía : o número

O pronome persoal

Léxico: "Arquitectura e urbanismo". "O tempo metereolóxico".

Literatura: as vangardas galegas, hilozoísmo e neotrobadorismo. Manuel Antonio. A literatura do exilio: Eduardo Blanco Amor. Álvaro Cunqueiro. Destes autores obras e lecturas.

Ortografía. uso do "h"

Gramática: o verbo

As perífrases

Literatura obras e lecturas de: Ánxel Fole, Celso Emilio Ferreiro, Luz Pozo Garza, Uxío Novoneyra, Manuel María, Antón Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Xohana Torres, Mªxosé Queizán, Carlos Casares e Ferrín.

2.2. METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía será participativa e activa. Consistirá nas tarefas indicadas polo profesor e na práctica mediante exercicios escritos.

2.3. MATERIAIS e RECURSOS

- LIBRO DE TEXTO: *Lingua Galega e Literatura. 4º ESO. Ed. Anaya*
- Caderno do alumno (no que se recollen as tarefas feitas durante as dúas primeiras avaliacións)
- Apuntamentos enviados pola profesora.
- Páxinas web indicadas polo profesor ou que o alumno considere.

3 INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

3. 1.Información ao alumnado e ás familias

O profesor traballa cos alumnos mediante e-mail.

A comunicación coas familias realízase mediante os mesmos medios.

3.2. Publicidade

Esta adaptación da programación publicarase na web do centro